

BLOQUE 2. O RELEVO ESPAÑOL: A SÚA DIVERSIDADE XEOMORFOLÓXICA

TEMA 2: A FORMACIÓN E EVOLUCIÓN XEOMORFOLÓXICA DA PENÍNSULA IBÉRICA E DAS ILLAS CANARIAS E BALEARES (DA ERA ARCAICA AO GLACIARISMO CUATERNARIO).

Evolución xeolóxica e formación das unidades morfoestruturais

O relevo actual da Península é o resultado dunha historia xeolóxica de millóns de anos na que se alternaron fases oroxénicas con outras de calma, nas que predominou a erosión e a sedimentación.

1) Durante a era arcaica ou Precámbrico (4.000-600 millóns de anos) emerxeu do mar unha banda arqueada de noroeste a sueste, formada por lousas e gneis, que comprendía case toda a actual Galicia. Tamén xurdiron elevacións nalgúns puntos illados do Sistema Central e dos Montes de Toledo. Este macizo precámbrico foi arrasado posteriormente pola erosión e cuberto case na súa totalidade polos mares paleozoicos.



2) Na era primaria ou Paleozoico (600-225 millóns de anos) tivo lugar a oroxénese herciniana (ou varisca). Dos mares que cubrían a maior parte da Península xurdiron as cordilleiras hercinianas, formadas por materiais como o *granito*, *lousa* e *cuarcita*.



a. Ao oeste elevouse o **Macizo Hespérico**, arrasado pola erosión durante a mesma era primaria e convertido en zócalo ou meseta inclinada cara ó Mediterráneo.

b. Ao norleste apareceron os macizos de **Aquitania, Catalano-Balear e do Ebro**.

c. Ao sueste, o **Macizo Bético-Rifeño**.

d. Todos eles foron tamén arrasados pola erosión e durante a era primaria convertidos en **zócolos**.



3) A era secundaria ou Mesozoico (225-68 millóns de anos) foi un período de calma no que predominaron a erosión e a sedimentación. Continuou o aplanamento das cordilleiras hercinianas (ou variscas). A inclinación do zócolo da Meseta cara ó Mediterráneo permitiu, nos períodos de **transgresión mariña**, unha fonda penetración do mar, que depositou: 1º no **seu bordo oriental**



unha cobertura non moi potente de materiais sedimentarios plásticos (*calcaria, arenita, marga*) e 2º, tamén se depositaron en fosas mariñas situadas nas actuais zonas pirenaica e bética enormes espesuras de sedimentos.

4) Durante a era terciaria (68-1,7 millóns de anos) produciuse a **oroxénese alpina**. Como resultado desta:

-1. Levantáronse as **cordilleiras alpinas**, ao pregarse os materiais depositados nas fosas pirenaica e bética entre os macizos antigos, que actuaron como topes. 1º Xurdiron os **Pireneos** entre os macizos de Aquitania, Hespérico e do Ebro (que acabou afundíndose), e logo, en 2º as **cordilleiras Béticas**, entre os macizos Bético-Rifeño e o Hespérico.



-2. Formáronse as **depresións prealpinas** paralelamente ás novas cordilleiras, e entre estas e o macizo antigo: primeiro a **depresión do Ebro**, paralela ós Pireneos, e logo a **do Guadalquivir**, paralela ás Béticas.

-3. A **Meseta viuse afectada pola oroxénese alpina**.

a. En primeiro lugar, pasou a inclinarse cara ó Atlántico, determinando a orientación cara a este océano de boa parte dos ríos 3 peninsulares.

b. En segundo lugar **formáronse os bordos montañosos da Meseta**:

-No seu **bordo oriental** pregáronse os materiais plásticos depositados polo mar na era secundaria, orixinando a parte oriental da **cordilleira Cantábrica e o Sistema Ibérico**.

-No **bordo sur da Meseta**, o empuxe das cordilleiras Béticas levantou **Serra Morena**.


c. Por último, o **zócolo da Meseta**, formado por materiais paleozoicos ríxidos, experimentou fracturas e fallas. Os bloques levantados formaron o **Macizo Galaico e as serras interiores da Meseta (Sistema Central e Montes de Toledo)**.



4º. Nesta era tamén orixinouse o conxunto de natureza volcánica das Illas Canarias.

5) Durante a era cuaternaria (1,7 millóns de anos ata a actualidade) producíronse o glaciario e a formación de terrazas fluviais.

- O glaciario afectou ás cordilleiras máis altas (Pireneos, cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Sistema Ibérico e Serra Nevada), dando lugar a *glaciares de circo e de val*. Os glaciares de circo nas cabeceira dos vales e os glaciares de val no val dándolle a forma de “U”.



- A época glaciario caracterizouse pola formación de **terrazas fluviais**, antigos chans de inundación abandonados polo posterior encaixamento fluvial. As terrazas son froito das alternancias climáticas do Cuaternario. Os sucesivos ciclos glaciais e posglaciais do Cuaternario deron lugar a terrazas graduadas. Na Península, as máis características son as formadas polo Douro, o Texo, o Guadiana, o Guadalquivir e o Ebro.

